



Comunicado nº 069/18  
25 de maio de 2018

### ❑ NOVA LICENCIA DE SIAREIRO 2019.

Na tempada 2019 implantarase a nova Licencia de Siareiro, por acordo da Xunta Directiva-Comisión Delegada celebrada o día 24 de maio de 2018, para cubrir un oco nos aseguramentos persoais dos test, tandas, rodadas en circuítos, drifting en circuítos, e rallyes de regularidade de segunda categoría.

A proposta xa foi aceptada pola compañía de seguros, coa súa valoración, e axustase o prezo a baixa para integrar aos siareiros na Federación Galega de Automobilismo.

O prezo para Piloto ou Copiloto será de 100 euros, e dará cobertura médica e aseguramento deportivo de accidentes en consonancia co artigo 28.4 da Lei do Deporte de Galicia, Lei 3/2012, e de acordo ao esixido pola Lei de Circulación vixente.

**NOTA:** A Licencia de Siareiro non habilita para participar en probas oficiais puntuables para os Campionatos de Galicia de Automobilismo 2019 e vindeiros.

---

### ❑ AMPLIACIÓN CALENDARIO.

Ante a deserción do organizador da Subida a Chantada 2018, do Campionato de Galicia de Montaña, a Escudería "Galaica Eventos do Motor" calenda para os vindeiros 19 e 20 de outubro a 20ª Subida a Castro de Beiro.

---

### ❑ BOLETIN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA.

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 30016 (10/PNC-002405)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis

Sobre a garantía polo Goberno galego da suficiencia financeira das federacións deportivas galegas co establecemento dun marco plurianual para o período 2018-2020

BOPG nº 299, do 03.05.2018

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 31016, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo dos custos reais do exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Galicia nas federacións deportivas galegas, que permita adecuar o financiamento destes custos á súa realidade, valorando na medida do posible establecer marcos plurianuais de financiamento que lles faciliten a confección de orzamentos reais ás federacións deportivas de Galicia.»

---

### ❑ CAMPIONATO DE GALICIA DE REGULARIDADE 2019.

Estase a negociar polas partes a implantación dun Campionato de Galicia de Regularidade 2019, e para ilo tívose un primeiro encontro con directivos da Escudería Centollo-Moto Club Coruña.

Ó día de hoxe xa están varias entidades como Escudería Surco, Escudería AMSport, e Escudería Gisem World Racing Team que calendan probas no 2018 e fixeron os seus eventos deportivos apoiando a iniciativa dun campionato federado para a tempada 2019.